

## DOMINGO IV DE ADVIENTO (C)

### PRIMEIRA LECTURA      Miq 5, 1-4a

Lectura do Libro do Profeta Miqueas

Isto di o Señor: E ti, Belén de Efratah, tan pequeniña entre as familias de Xudá, de ti vai saír un que será o soberano de Israel; a súa orixe é desde antigo, desde os días do comezo. El seranos conservado para sempre, mentres haxa muller que dea a luz; o resto dos seus irmáns volverá, e serán devoltos os fillos de Israel. Manterase firme e pastoreará co poder do Señor, coa gloria do nome do Señor, o seu Deus, e cando se instalen ata o mesmo cabo da terra, estenderá a súa grandeza: "o da Paz" será o seu nome.

### SALMO RESPONSORIAL      Sal 79, 2ac e 3b. 15-16. 18-19

R/. (4): Restáuranos, Deus; que brille o teu rostro e seremos salvos.

Escoita, pastor de Israel,  
que guía-lo rabaño de Xosé;  
ti que sentas sobre os querubíns,  
esperta o teu poder e ven salvarnos.

Vólvete, Deus dos exércitos,  
olla desde o ceo e fíxate,  
ven visita-la túa viña,  
a videira que plantaches coa túa man,  
o bacelo que ti fortaleciches.

Que a túa man protexa o teu elixido,  
o home que ti fortaleciches.  
Non nos afastaremos máis de ti;  
dános vida de novo, e invocáremo-lo teu nome.

**SEGUNDA LECTURA**    Hebr 10, 5-10

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: Cando Cristo entra no mundo, di: "Sacrificio e ofrenda non os quixeches, pero formáchesme un corpo; os holocaustos e os sacrificios de expiación non che gustaron; entón dixeran: Velaquí que vin, meu Deus, para face-la túa vontade -como se di de min nun capítulo do libro"- . Di no comezo: "Sacrificios, ofrendas, holocaustos e vítimas de expiación, nin os quixeches nin che gustaron" (todos eles ofrécense segundo a Lei); e di despois: "Velaquí que vin para face-la túa vontade". Desbota o primeiro para afirma-lo segundo. E por esta vontade de Deus quedamos santificados dunha vez por todas coa ofrenda do corpo de Xesús Cristo.

**EVANXEO**    Lc 1, 39-45

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naqueles mesmos días, saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha cidade de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre, e Isabel quedou chea de Espírito Santo e exclamou a grandes voces: - Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, o neno brincou de alegría no meu ventre. Ditosa aquela que creu, pois hase cumprir canto lle anunciaron de parte do Señor.